

Concerto

Banda Sinfónica da Federación Galega
de Bandas de Música



Estrea das obras finalistas e gañadoras do

II Concurso Galego de **Composición** para Banda de Música

30 de decembro ás 21.00 h

Teatro Rosalía Castro, A Coruña



I Parte. Sección Banda

Finalista

Auga Levada
de Juan Manuel Eiras Tojo

Gañadora

Pórtico
de Antón Alcalde Rodríguez

II Parte. Sección Banda Sinfónica

Finalista

A Lenda da Santa Compañía
de Diego David Cuevas Sánchez

Finalista

A pedra da serpe
de José Luís Represas Carrera

Gañadora

Marea Negra
de Antón Alcalde Rodríguez



Banda Sinfónica da Federación Galega de Bandas de Música Populares

A Banda Sinfónica da Federación Galega está formada por músicos pertencentes ás numerosas bandas existentes do noso País. A idade media dos seus compoñentes é de menos de 22 anos e cuns denominadores comúns: o amor pola música, a ilusión e o altruísmo.

Un dos obxectivos fundamentais da creación da Banda Sinfónica da Federación é representar tanto á Federación como a Galiza no ámbito musical bandístico e contribuír á divulgación e promoción da música galega.

Outros dos seus obxectivos son:

- Dar a coñecer unha agrupación sinfónica aos compoñentes das bandas de música populares.
- Potenciar o nivel cultural e musical dos compoñentes das bandas de música populares.
- Promover a música entre a mocidade.
- Dar a coñecer novos intérpretes.
- Promover novos compositores galegos.
- Dar a coñecer o repertorio orixinal para banda..

Conseguir estes obxectivos é a función principal deste proxecto, tendo presente que Galiza é un país cunha ampla cultura musical á que temos que coidar e poñer en valor constantemente como peza identificativa da nosa realidade como pobo e como parte do noso patrimonio cultural.

Aínda que a Banda Sinfónica da Federación foi creada no ano 2000, baixo a dirección de Marcel van Bree e Hernán Naval, o proxecto non ten continuidade, polo que, despois dunha longa pausa, vólvese a retomar o proxecto no ano 2005, que baixo a dirección de X. Carlos Seráns acada unha notable relevancia no ámbito musical galego, e mesmo no resto do estado.

Realiza os seguintes concertos:

8 de outubro de 2005: V Certame Provincial de Bandas de Música Deputación de Pontevedra no Pazo da Cultura de Pontevedra.

29 de outubro de 2005: XII Asemblea Xeral da Confederación Nacional de Sociedades Musicais en Amposta (Tarragona).

29 de abril de 2006: Presentación oficial no Auditorio de Galicia en Santiago de Compostela.

7 de outubro de 2006: VI Certame Provincial de Bandas de Música Deputación de Pontevedra no Pazo da Cultura de Pontevedra.

14 de outubro de 2006: XIII Asemblea Xeral da Confederación Nacional de Sociedades Musicais en Alcudia, Mallorca (Balears).

8 de decembro de 2007: Gravación pola TVG da Marcha do Antigo Reino de Galicia, despois da intervención do Vicepresidente da Xunta de Galicia, dentro dos actos do 100 aniversario do Himno Galego, emitido para Europa e América desde a Cidade da Cultura, primeira actuación musical que se celebra na mesma.

28 de decembro de 2007: Concerto no Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa.

13 de xullo de 2008: Concerto no Auditorio Municipal de Ribadeo "Hernán Naval" (Lugo).

21 de setembro de 2008: Concerto na celebración do 60 aniversario da Banda Municipal de A Coruña no Teatro Rosalía de Castro como invitada.

21 de marzo de 2009: Estrea das obras gañadoras e finalistas do I Concurso de Composición organizado pola Federación Galega de Bandas de Música, no Auditorio de Galicia.

Xosé Carlos Seráns Olveira, director

Nace en Ribeira (A Coruña), aínda que a súa vida persoal desenvólvese en Xuño, Porto do Son (A Coruña). Comeza a súa andaina musical aos 11 anos na Banda de Música de Caamaño da man do mestre Francisco Olveira Santos, froito da afección á música do seu pai. Aos 20 anos pasa a formar parte do Corpo de Bandas de Música da Armada, destinado na Banda de Música do Terzo Norte de Ferrol, onde toma contacto cos mestres Raúl Galán Cerveró e Francisco Jordá Biosca, cos que estuda tuba. En 1987 gaña por oposición libre a praza de tuba na Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela, compatibilizando tamén as funcións de xerente da mesma desde o ano 2000. Persoa comprometida coa música en Galicia, é impulsor de numerosos proxectos:

Escola de Música Municipal de Catoira (1988), Grupo de Metais de Santiago e Banda de Música de Catoira (1989), Cuarteto de Tubas Euphonium (1993), Banda Sinfónica de Galicia (1994), Grupo de Metais de Galicia (1995), Solfa, Asociación Cultural-Musical (1997), Coral Solfa de Fontiñas (1998), Banda Filarmónica de Galicia (2000), Escola Municipal de Música de Santiago (2002), Escola Municipal de Música de Ames, Gallaecia Orquestra (2004), A Nosa Clave (2005, 2006 e 2007), Banda Sinfónica da Federación Galega de Bandas de Música Populares (2005), Musigalizando, campamento musical (2007, 2008 e 2009)

Foi invitado pola Joven Orquesta Nacional de España (JONDE) para asistir ao I Curso de Tuba celebrado en Santiago en xullo de 1990 impartido polo mestre Harvey G. Phillips, e realizou numerosos cursos de perfeccionamento de metais, composición e dirección de orquestra

e banda con mestres como Miguel Torres, Enrique Ferrando, Walter Rand Stormont, Mel Culbertson, Miguel Navarro, Henrie Adams, Aldo Ceccato, Helmuth Rilling, Francisco Grau Vergara, Bernardo Adam Ferrero, Manuel Hernández Silva, Tristán Murail, Magnus Linberg, Antón García Abril, etc.

É autor de numerosas obras e arranxos orquestrais para banda de música e diversos grupos instrumentais, entre os que cabe destacar as súas composicións para coro e banda de música sobre poemas de destacados poetas galegos: *Soneto á Terra Chá*, de Xosé Chao Rego; *Rosas e A Saleta*, de Manuel María; *Apreixar o Vento*, de Marta Dacosta, etc, así como adaptacións para banda sinfónica e coro de obras tan coñecidas como *Negra Sombra* de Rosalía de Castro ou *Lela* de Castelao.

Realiza numerosas estreas, coa Banda Filharmónica de Galicia, de composicións propias e de compositores galegos como *Hipófisis*, de J. Javier Ces Calvo ou *Rapsodia Arousá de Eligio Vila*; estreadas no Auditorio de Galicia, así como a *Fantasía en do* de David Fiuza, 3º Premio de Gzcrea, estreada no Auditorio Municipal de Ribadeo coa Banda Sinfónica da Federación Galega de Bandas, onde lle conceden o *Premio Especial Hernán Naval 2008*.

Dirixe a representación da *Historia do Soldado* de Igor Stravinski, nunha adaptación ao galego con representación teatral no Auditorio de Galicia en 2003 e en 2006, con músicos da Banda Municipal de Santiago, Banda Municipal de A Coruña e Real Filharmonía de Galicia, e co grupo de teatro Berrobambán, con Paula Carballreira como narradora, que é a primeira produción propia que fai o Auditorio de Galicia. En 2008 volve a facelo co grupo de teatro Santart, con Teo Santart como director de escena.

En 2005 resulta seleccionado para facerse cargo da posta en marcha da Banda Sinfónica da Federación Galega de Bandas de Música Populares, coa que desenvolve unha intensa actividade dentro e fóra de Galicia. Dirixe tamén o proxecto *A Nosa Clave* nos anos 2005, 2006 e 2007, coa Banda Filharmónica de Galicia e despois coa Banda Sinfónica da Federación Galega de Bandas, e corais de Compostela; con máis de 200 persoas no escenario.

En 2008 estrea, coa Banda Sinfónica da Federación Galega de Bandas de Música, no Auditorio de Galicia, *Terra de Oestrimnios* de Andrés Hernández, *Irmandiños* de Juan Fernández Guzmán, *A Revolta Irmandiña* de Raul Martín Niñerola e *O Soño de Breogán* de Juan Durán, obras gañadoras e finalistas do I Concurso de Composición organizado pola Federación Galega de Bandas de Música.

Tamén en 2008, a Banda de Música de Rianxo encárgalle a Fantasía Rianxeira para conmemorar o seu V aniversario. En 2009, a Deputación Provincial de Pontevedra encárgalle a obra obrigada, *Esbozos Sinfónicos*, para a Segunda Sección do Certame Provincial de Bandas que se celebra nesa provincia.

Forma parte dos xurados do I e II Certame Galego de Bandas de Música, do VIII Certame Provincial de Pontevedra, de GZCrea, na especialidade de Composición para Banda de Música, e do I e II Concurso de Composición da Federación Galega de Bandas de Música Populares.

En 2009 é seleccionado, entre outros aspirantes, como director titular da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela.



I Parte. Sección Banda

Finalista: **Auga Levada**
de **Juan Manuel Eiras Tojo**

Juan Eiras nace en Vigo o 30 de maio de 1977. Comeza os seus estudos musicais aos cinco anos. Tres anos despois ingresa como alumno oficial no CMUS de Vigo onde realiza os seus estudos de Piano, obtendo o Título de Profesor de Piano e o Diploma de Instrumentista baixo a dirección de D. José Manuel Fernández González. Ao mesmo tempo inicia a carreira de pedagogía, acadando o título de Mestre en Educación Musical pola Universidade de Vigo. Posteriormente comeza Composición no Conservatorio Superior de Música de Vigo, estudando cos profesores D. Carlos Cambeiro, D. Pablo Beltrán, D. Joám Trillo e D. Miguel Francisco Moreno, acadando no ano 2007 o Título Superior de Composición, cunha cualificación final no Concerto Final de Carreira de Sobresaínte.

Ten realizado cursiños de formación nas tres materias –Composición, Piano e Pedagogía–, con profesores de recoñecido prestixio como Albert Sardá, Carlos Cambeiro, Ludovika Mosca, Javier Jurado, Emilio Molina, Christophe Havel, Maximino Zumalave e Antón García Abril. Obtivo o premio *Andrés Segovia – José Miguel Ruíz Morales* na edición LII do curso universitario Música en Compostela.

Desde os inicios da súa formación existe un vínculo moi estreito coa música popular, o que lle permite coñecer e assimilar diferentes linguaxes desde cativo. Foi membro do *Coro Altair*, *Banda de Gaitas Leticia (Mos)*, *AraBot*, *Trío Corcovado*, *Alfolés*, *Malvela* e *Irtio*. Ao longo

desta dilatada traxectoria acada numerosos galardóns, aínda que o máis destacable é a posibilidade que ten de traballar como músico de sesión, arranxista, orquestrador e produtor artístico, conseguindo así unha visión global de todo o proceso produtivo.

No campo audiovisual ten realizado as bandas sonoras dos documentais *Camiños de busca* (Mara Gutiérrez), e *Antonio Palacios* (Carlos Davila), producións realizadas para a TVG.

Algunhas das gravacións máis destacadas son:

X Certame galego de música folk – Xuventude '99 (Irtio e outros, Xunta de Galicia 1999), **1º premio.**

I día da música xove (Irtio, Xunta de Galicia 2000), **1º premio.**

Alfolíes (Alfolíes, I certame folc Radio Obradoiro 2000), **1º premio.**

Mar de Pedra, (Irtio, Discmedi 2002).

Que o pano non me namora (Malvela, Ed. do Cumio 2004).

Camiñante (Brañas Folk, Discmedi, 2004).

Meniños cantores (Varios, Pai Música, 2005).

O aghinaldo (Malvela, Pai Música 2005).

Da miña xanela á túa (Malvela, Pai Música 2007).

Cinsa namorada (Tino Baz, Pai Música 2007).

Folk ó forno (Conxunto folk do Conservatorio Superior de Música de Vigo, 2007).

No eido da música culta ten publicado varias obras coa editorial Dos Acordes e Periferia Sheet Music, e ao mesmo tempo realizado traballos de transcrición para a primeira. A publicación, *Suite para trío de percusión nº 1, Op. 1*, foi un encargo do Departamento de Percusión do Conservatorio Superior de Música de Vigo

cando todavía era alumno de 3º curso de Composición. Unha obra de estética dodecafónica que foi estreada nese mesmo centro.

Na actualidade é funcionario de carreira do corpo de Profesores de música e artes escénicas, na especialidade de Fundamentos de Composición, en comisión de servizos no Conservatorio Superior de Música de Vigo, impartindo as materias de Composición, Instrumentación e Orquestración, Harmonía e Contrapunto.

Auga levada

A obra consta de catro seccións, que comprenden os seguintes compases:

Primeira: de 1 ao 132

Segunda: 133 ao 392

Terceira: 393 ao 493

Cuarta: 494 ao 577

Na primeira trabállanse obxectos sonoros baseados no espectro de Fa, que debuxan formas senoidais. Ao mesmo tempo, estes deseños parten dos *ataques* até chegar ás *resonancias*. En contraposición, nos metais aparecen bloques de acordes en progresión descendente, con ritmo en transformación continua. A percusión mantén un *cuasi ostinato* que serve de nexo entre os materiais compositivos.

Na segunda sección desenvólense os temas centrais da obra de carácter tradicional, previa transformación dos elementos contemporáneos. A forma empregada é ABA.

Na terceira aparece unha pequena recapitulación da idea inicial, que ao mesmo tempo se desenvolve até chegar á célula CASTELA0:

C= Do
A= La
S= Si
T= Do#
E= Mi
L= La
A= Lab
O= Sol

O motivo CASTELAO aparece fraccionado no corno inglés, e tratado con procedementos contrapuntísticos no resto do orgánico empregado. Pecha a terceira sección.

Por último, na cuarta sección recapitúlase a idea principal (tema A) e no compás 538 aparece unha CODA final.

I Parte. Sección Banda

Gañadora: **Pórtico**

de **Antón Alcalde Rodríguez**

Antón Alcalde Rodríguez, nado en Rianxo o 3 de Xullo do 1992, comeza os seus estudos musicais aos oito anos de idade na Escola de Música de Rianxo onde se especializa na modalidade de percusión co mestre Daniel Riveiro e linguaxe musical co mestre Rafael Collazo. Ao ano de comezar no mundo da música, entra na Banda de Música de Catoira dirixida polo mestre Xosé Carlos Seráns.

No ano 2003 asiste a dous cursos de perfeccionamento e master class en percusión; un en Toledo co mestre Pedro Varea e outro en Vila de Cruces con profesores como Nancy Zeltsman, Nick Woud, Cesar Peris, Tom Risco, Roberto Oliveira e Juan Collazo. É tamén neste curso de percusión onde estrea a súa primeira composición; *Pictures* para ensemble de percusión, estreada polos profesores de dito curso, dirixindo o propio autor. Entra na Banda Filharmónica de Galicia dirixida polo mestre Xosé Carlos Seráns, sendo o membro máis novo de dita agrupación.

No ano 2004 preséntase de novo aos cursos de Toledo e Vila de Cruces, sendo no primeiro onde toca na Agrupación Instrumental do Conservatorio Jacinto Guerrero de Toledo, dirixindo o mestre Enrique García Ansensio. Preséntase coa Banda de Música de Catoira ao III Certame Provincial de Pontevedra, acadando o primeiro premio e mención de honra na 2ª sección. Tamén acada a praza de percusión na Banda Sinfónica da Federación Galega de Bandas de Música, dirixida polo mestre Xosé Carlos Seráns.

No ano 2005 comeza os seus estudos profesionais no Conservatorio Profesional Manuel Quiroga de Pontevedra, acadando

a praza na especialidade de percusión. Neste mesmo ano a Orquestra de Cordas do Conservatorio Profesional Manuel Quiroga de Pontevedra estrea a súa composición *Tríptico*, para orquestra de cordas, vento e percusión.

No ano 2008 estrea *Overtura en Miniatura*, estreada nun concerto a cargo da Agrupación Instrumental da Escola de Música de Rianxo baixo o marco do seu V aniversario, dirixida polo mestre Rafael Collazo. Tamén a finais deste mesmo ano lle estrean o primeiro movemento da súa suite para banda *Pinocho*, a cargo da Banda Municipal de Santiago dirixindo o mestre Andrés Valero Castells.

No ano 2009 a Banda da Escola de Música de Rianxo dirixindo o mestre Rafael Collazo, estréalle as obras para banda: *Polar Express*, *A Manuela* e *Lembranzas do Mar* (obra encargada para o VI aniversario de dita agrupación, obra libre no III Certame Autonómico de Galicia). Interpreta a obra *Pinocho* coa Banda Municipal de Pontevedra dirixindo o mestre Lois Dieguez.

Estudou percusión con mestres de gran prestixio como: Daniel Riveiro, Juan Collazo, Tom Risco, Roberto Oliveira, Nick Woud, Nancy Zeltsman, Tobias Guttmann, Cesar Peris, Lorenzo Ferrándiz, Pedro Varea, Ramón Perez, Xavier Sabater, Ali N´Diane, Romain Kuonen, Jan Pustjens, Bogdan Bacanu, Rubén Montes, Juanjo Guillém, Josep Vicent e Diego Ventoso. Tamén estudou linguaxe musical e instrumentación co mestre Rafael Collazo, contrapunto e instrumentación co mestre Xosé Carlos Seráns e creación do guión musical para o audiovisual co mestre Conrado Xalabarder. Estudou composición para o medio audio-visual con mestres como: Patrick Doyle, M. Giacchino, Andrea Datzman, Wataru Hokoyama, Alejandro Vivas e James Shearman.

É membro fundador de diversos grupos galegos como: OKHO, TAIKO DRUM (antes Dúo Atómico), D.K.D. e TRISQUEL. Colaborou en proxectos musicais galegos como: A

nosa Clave e Musigalizando. Tocou con bandas de case toda a xeografía galega como: Banda de Música de Valga, Banda de Música de Teo, Banda Artística de Merza... E tamén fóra de Galicia como: Agrupación Instrumental de Albarracín (Teruel), Agrupación Instrumental do conservatorio Jacinto Guerrero (Toledo)...

Actualmente é o compositor residente da Escola de Música de Rianxo e profesor de percusión de dita escola dende o ano 2007. Ten numerosas composicións para Banda, Orquestra, Coro e Cámara. En xaneiro do 2010 estrearase o seu primeiro traballo audiovisual *KiXoTe XXVII*.

Recibiu importantes premios e mencións:

- 2º clasificado (e primeiro suplente) na fase autonómica do 4º Certame Nacional de Interpretación Intercentros.
- Primeiro Premio no II Concurso Iberoamericano de Composición para Banda de Música Vila de Ortigueira.
- Diploma á composición *Pinocho* pola súa contribución no repertorio galego.
- Beca para estudos cinematográficos no taller de composición *Úbeda V*.
- Primeiro Premio no II Concurso de Composición para Banda de Música.
- Primeiro Premio no II Concurso de Composición para Banda de Música (Sección Sinfónica).

Pórtico

PÓRTICO, suite descritiva en 3 movementos. O Pórtico da Gloria de Santiago será o marco desta composición para banda de concerto. Nárrase (desde un punto de vista musical), como sería un día no Santiago de Compostela de mediados do s. XIII. Para iso tívose en conta diversos cancioneros medievais e historias populares de Galiza.

Esta composición non pretende facer unha descrición musical do que representa o Pórtico da Gloria, non; o que si quere o compositor é trasladar os oíntes ao Santiago do século XIII (século no cal, acadou o seu máximo número de peregrinos), tamén época importante porque será en 1230 cando o rei Afonso VIII peregrinará a Compostela, onde está soterrado. O Pórtico da Gloria non só representa un lugar relixioso, senón que simboliza tamén un punto de intercambio de culturas extenso (grazas aos milleiros de peregrinos de diversos lugares do mundo).

A partir destas ideas previas, PÓRTICO confórmase en tres movementos unidos entre si:

Amencer en Santiago de Compostela, s.XIII.

No Pórtico da Gloria, s.XIII.

Batalla contra a Taifa de Sevilla e vitoria

Amencer en Santiago de Compostela, s.XIII. Mostra o espertar do día . A espesura da néboa cubrindo os montes. O son das aldeas xunto á espesura da bouza. As badaladas dun novo día, dun novo espertar no “Campo das estrelas”. Toda a música comeza nos graves e vai enchendo o espazo sonoro segundo a luz do día se intensifica. Xusto no derradeiro momento, escoitamos o tema da Alborada Galega de P. Veiga. O tema tantas veces repetido por músicos e poetas que describen como é o espertar do día en Galiza non pasa desapercibido neste abrir do día en Santiago de Compostela. O Pórtico da Gloria é claramente visible e irradia solemnidade. A luz cobre toda a fachada da famosa catedral e o gaiteiro acompaña coa súa música a fermosa paisaxe que se contempla. O final tranquilo simboliza que quedan moitos días por espertar...

No Pórtico da Gloria, s. XIII. Despois deste fermoso espertar, a cidade comeza a moverse. Podemos ver

como os cambiadores abren os seus postos, rodeando a catedral. Os que madrugan collen sitios preto do Pórtico da Gloria posto que ao chegar os peregrinos de seguro que pasarán para mercar. Chama a nosa atención un emporio de lechuzas. Mentres paseamos pola romaría, escoitamos unha doce melodía que nos acompaña. Despois de contemplar as fermosas criaturas algo nos chama a atención no medio da praza... Toda a xente rodea o que parece ser un torneo medieval, onde se disputa o código dos cabaleiros. Despois desta espectacular escena, un trovador narra como o Almirante do Mar e Adiantado Maior do reino de Galiza¹, Paio Gómez Chariño, conquistou Sevilla.

Batalla contra a Taifa de Sevilla e vitoria. Como se dunha ilusión se tratase, estamos embarcados baixo o mando do Almirante Paio Gómez Chariño, ascendendo o río Guadalquivir (ao son das Derbukas e da Zurna), para a conquista de Sevilla e a derrota da Taifa Sevillana. Para representar a loita entre os cristiáns e os mouros, usei dous acordes enfrontados continuamente: Fa maior, representa Galiza e Sol bemol, representa o Imperio Mouro. Todo este movemento final xira sobre eses dous acordes superpostos e a célebre melodía do noso Himno Galego, e por técnica de difuminación conséguese nela un efecto mourisco (para maior ambientación). Despois desta atronadora batalla, o reino de Galiza sae vitorioso. Toda a composición ten como marco o Pórtico da Gloria, como escenario de tantas outras historias contadas de boca en boca entre peregrinos.

II Parte. Sección Banda Sinfónica

Finalista: **A Lenda da Santa Compañía**
de **Diego David Cuevas Sánchez**

Nacido en Consogra (Toledo), empezou os seus estudos na Banda Municipal de Música de Villarobledo, baixo a batuta do seu pai, Antonio Cuevas. Como clarinetista (instrumento do que posúe o título superior) foi membro da Banda Municipal de Badaxoz e da Joven Orquesta de Extremadura. Posteriormente estudou Composición con Manuel Castillo en Sevilla, Tomán Alís en Madrid e Teresa Catalán e Agustín Charles en Zaragoza, con quen termina o grado superior coa cualificación de Sobresáinte.

No 1988 obtivo por oposición a praza de profesor de Fundamentos de Composición en Galiza. Traballou cos conservatorios medios de Ourense, Alacante e Melilla e nos superiores de Alacante e Vigo (onde realiza actualmente a súa labor docente dando clases de Composición, Contrapunto e Harmonía).

Impartiu cursos de análise en diversos conservatorios, (Ourense, Lugo, Albacete) e asistiu a outros de perfeccionamento coma o Injuve, onde traballou con Cristóbal Halfter, Mauricio Sotelo, Toshio Hokosawa e outros nos que asistiu a clases con mestres como Leonardo Balada ou Helmut Lachenmann.

A nivel compositivo obtivo, no ano 2000, o Premio Internacional de Composición para Xovenes Orquestras de Murcia; no 2003, o Premio de Composición Maestro Villa, tamén para orquestra, da Comunidade de Madrid; e no ano, 2008, o 2º premio do Concurso Iberoamericano de Composición para Banda de Música Vila de Orti-

gueira cun concerto para saxo tenor e banda titulado *Circo Azul*; ao que sumamos o 3º premio obtido no II Concurso de Composición para Banda de Música (sección sinfónica) de Santiago de Compostela.

A lenda da Santa Compañía

Dalgunha maneira, a obra segue un contido programático que serve de pretexto e estrutura a obra. Os elementos que aparecen en primeiro lugar no conto fano tamén na música e permanecen, con esa aparencia ou con transformacións temáticas, ao longo de toda a composición.

Así, os tres elementos iniciais do conto: o caldeiro, a cruz e a comitiva de espíritos son representados musicalmente da seguinte maneira:

O caldeiro. É o motivo dos primeiros compases, tocado case sempre polos metais.

A Cruz. É o motivo que empeza no compás 4 (tuba, violonchelo e contrabaixo). Para simbolizala elixiu o sempiterno motivo de BACH (sib, la, do, si), tratando cun contexto harmónico novo, e que serve de comezo para a frase. De feito, todos os motivos en compases “lentos” están baseados neste xiro inicial, si ben con melodías e harmonías diferentes en cada caso, intentado representar ou distintos paisaxes que se recorren na peregrinación da sinistra comitiva (c. 32,46) ou, ao final, o cambio de condenado.

As lendas, está formada por 8 integrantes, dispostas en dúas filas de 4, de maneira que fago catro entradas do motivo da cruz, en forma máis ou menos fugada. O *Allergro alla muiñeira*, ven a representar a esperanza intuitiva por saír dese bucle infinito e de feito é o tema que

se repite en varias ocasións ata o final para expresar a alegría. Este tema, xunto co do caldeiro, ten a súa inspiración no comezo do Himno Galego. O instante cando o "condenado" oe ao lonxe a música das bandas que se plasma nos compases 136-161, onde os fragmentos de coñecidas obras, unha de *Ponteareas* (Reveriano Soutullo) e outra da Alborada Galega de Pascual Veiga, escóitanse, como contrapunto do tema principal do *Allegro alla muiñeira*, primeiro por separado e logo xuntos. O tempo dilúese, xunto coas harmonías, algo máis tensas e desemboca no Andante e logo no Meno mosso. Aquí recupera o carácter inicial da obra, retomando o motivo inicial (no Andante e no Meno mosso), de dúas maneiras diferentes. Esta nova visión do antigo motivo quere representar ao novo "condenado". El *Più mosso*, tenso e dramático, simboliza a "entrega" dos símbolos a este e desemboca no *Allegro alla muiñeira* que expresa a súa alegría. Como contraposición, o *Tempo primo* do compás 267 retoma o motivo do caldeiro, que ten un novo portador (circunstancia marcada pola aparición dos timbais acompañando dito motivo). O *Vivacissimo* final retoma o final do conto e remarca a alegría do que se salvou da súa condena.

II Parte. Sección Banda Sinfónica

Finalista: **A pedra da serpe**
de **José Luís Represas Carrera**

Nace en Xinzo (Ponteareas) no ano 1970 no seo dunha familia de grande tradición musical. Inicia os seus estudos musicais na Banda de Música Xuvenil de Xinzo co mestre Guillén. Licenciado superior en Composición e Saxofón, grao medio en gaita nos Conservatorios de Vigo e A Coruña. Realiza cursos de dirección cos mestres Pirfano Zambrano e Enrique García Asensio. Foi sempre elixido para os concertos de clausura, dirixindo agrupacións de grande relevo nacional.

Dirixiu as bandas de música populares de O Rosal, Ponteledesma, Salceda, Santa Cruz de Ribadulla, Muimenta de Lalín, Silleda. Con esta gañou a mención de honra na sección especial do Certame de Bandas de Pontevedra do ano 2005. Actualmente dirixe a banda de música de Campolameiro, mención de honor no certame Provincial de Pontevedra do ano 2007 e primeiro premio no comarcal do 2008 e 2009.

É fundador dos grupos de cámara: Reveriano Soutullo e do cuarteto de saxos Selmer e da Agrupación instrumental Harmonía. A agrupación foi convidada por dúas veces ao certame de bandas Ciudad de Valencia anos 1999 e 2002. Dirixiu importantes solistas: Javier Galán, Amparo Navarro, José Antonio Campo, Sandra Míguez, Rubén Velázquez, Teresa Novoa, Fco. Javier Vidal, Marcos Represas, José Manuel López, Ernesto Campos, Pedro Lamas. Manuel de Diego, Amanda Serna, Paco Sánchez e Esteban Batallán.

Participou como solista e director invitado en formacións como a Banda Sinfónica de Madrid, Municipal de Albacete, Municipal de Alicante, Municipal de Bilbao, Municipal de Castellón, Municipal de Tenerife, Municipal de Valencia, Bañeres de Mariola, La Alcudia, Alginet, San Miguel de Salinas, Museros, Goián, Municipal de Valencia, Municipal de Ourense, Huelva, Isla Cristina, Segorbe, Banda sinfónica Portuguesa, Orquestra de los jóvenes de Águeda, Municipal de A Coruña e Municipal de Pontevedra, coa que clausura o certame internacional de Valencia do ano 2006. A súa obra Caballos de Santiago foi estreada en Madrid pola banda sinfónica municipal no ano 2002, e foi obra obrigada no certame provincial de Pontevedra no ano 2002. O concerto para trompeta e banda sinfónica foi estreado por Esteban Batallán e a banda de música municipal da Coruña, estrea que dirixiu el mesmo.

Variacións sinfónicas para nenos, foi finalista no concurso iberoamericano de Ortigueira, e obra obrigada no certame de Pontevedra do ano 2008. A pedra da serpe foi finalista no II concurso de composición organizado pola FGBMP e a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia 2009, e será obra obrigada no ano 2010 para o IV Certame Galego de Bandas de Música. Desde o pasodobre Xinzo, a súa maior ocupación foi a composición de música para Banda. O carácter do folclore galego estivo sempre presente, non só polo amor a nosa cultura, sobre todo, para competir desde a singularidade da nosa música popular co grande desenvolvemento na composición orixinal para banda que se produciu nas últimas décadas. O principal obxectivo da música de Represas é o de entreter e emocionar, condicións básicas en calquera obra, a un público que, afortunadamente, cada vez ten máis ofertas lúdicas e culturais.

A pedra da serpe

Dedicada á Banda de música Unión Cultura de Campolameiro. Esta obra que se desenvolve nun único movemento, pretende reflectir a grandiosidade e a importancia dos petróglifos que se encontran no concello de Campolameiro, capital da arte rupestre galega.

A Pedra da Serpe quizás sexa un dos seus petróglifos máis importantes. Encóntrase no Castro de Penalba, lugar idílico que se viu envolto en lume destrutor que assolou os montes de Campolameiro en agosto de 2007.

Esta obra está dedicada aos meus compañeiros da banda de Música de Campolameiro, que tan orgulloso estou de dirixir. Borges dixo que para el constituía un desvarío laborioso e empobrecedor o de estender indefinidamente unha idea, unha imaxe. Sen ánimo de levarlle a contraria, eu nesta obra musical o que trato é de levar un tema durante os quince minutos da súa duración. O meu desexo é que non resulte empobrecedor, aínda que podo asegurarlles que foi moi laborioso.

A miña preocupación é que o discurso non se perda, que o público poida repetir e recordar unha melodía, que o exceso de temas non fagan perder o interese na audición. Que a obra entreteña e emocione é a miña maior ocupación. Ese é o meu obxectivo, entreter e emocionar. Por iso eu recorro a un tema que sexa facilmente recoñecible para o auditorio. Traballo en busca da excelencia desde a sinxeleza formal e estrutural.

A obra estrutúrase, dentro dun movemento único e continuo, nunha introdución que expón os materiais que se utilizarán nas tres partes ben diferenciadas que seguen, rápido-lento-rápido, unidos por intervencións da percusión. A obra pretende ir xerando pouco a pouco cada vez máis interese. Os recursos técnicos regúlanse e

vanse desenvolvendo pausadamente. Despois da introdución, que reflicte a grande impresión que produce o entorno de A Pedra da Serpe, arranca unha danza cun marcado carácter popular e rítmico, que recorda a popular e vistosa festa de Santo Antoniño do Castro de Penalba. Un pequeno alto no camiño. Cos instrumentos de percusión tratando de imaxinar o son do mar que se ve desde os montes de Campolameiro, introducímonos no momento máis solista, tímbrico e pausado da obra, no que se persegue o sosego e incluso a rutina. O tempo permanece invariable durante todo este discurso melancólico. Unha *fuggetta* na percusión introduce o terceiro momento da obra, que é reexposta por todos os instrumentos de vento-metal. Todo o sosego e tranquilidade convértese agora en ímpeto, en vontade, en inquietude... Toda esa tensión desemboca nun virtuoso solo de trombón, que dará paso a un final optimista e brillante co tema principal da obra.

II Parte. Sección Banda Sinfónica

Gañadora: Marea Negra
de **Antón Alcalde Rodríguez**

MAREA NEGRA é unha pequena sinfonía descritiva, que narra (ou mellor dito), describe o acontecido en Galiza o funesto día 13 de Novembro do 2002. Día que Galiza recordará con pena o desastre natural producido na súas rías por causa do petroleiro "Prestige", portador de 77.000 toneladas de fuel das cales 64.000 foron vertidas nas costas galegas. Hoxe en día, aínda queda fuel no interior do petroleiro, á espera de ser extraído do fondo do mar:

"Aos meus bos amigos e grandes compositores, Andrés Valero Castells, Xosé Carlos Seráns e Rafael Collazo Moares. En memoria de Manfred Gnädigner (Man), máis coñecido como o ermitán de Comelle, única vítima humana da Marea Negra do Prestige (2002). É o meu desexo dedicar esta obra aos milleiros de persoas que axudaron a limpar as rías e sanear as costas de Galiza, galegos e demais persoas, as chamadas cariñosamente Marea Branca. A todas elas, moitas grazas e porque sexa por sempre, NUNCA MÁIS."

Antón Alcalde Rodríguez (1992)

Toda a composición xira en torno a un tema principal, presentado no primeiro movemento a cargo do óboe, ao cal se lle engade en cada movemento un novo leit-motif dun tema galego. O motivo do tema principal ten como característica principal o "carácter mariño" no seu

máximo expoñente músico-simbólico. Isto quere dicir que o propio motivo, á parte do que musicalmente representa, conforme unimos as súas notas observamos a silueta dunha onda (de aí o de "carácter mariño").

I. Espertar nas Rías Baixas: O seu comezo frío e misterioso, crea unha atmosfera semellante á da calma que antecede á tempestade. Desde o mar non se divisan as costas galegas, o único que podemos ver é unha espesa néboa que o cobre todo. É como se Gal intuise que acontecería unha catástrofe ecolóxica (c.1)... Ese ambiente de tensión, lógrase grazas á explotación técnica de recursos sonoros vangardistas, como os sons onomatopeicos (ou de simulación ambiental), explotación sonora das cordas, etc. Despois deste misterioso comezo, un solo de Trompa introdúcenos nunha nova atmosfera que contrasta coa anterior; esta, a diferenza, é solemne e grandiosa (c.7). Pouco a pouco vanse distinguindo as costas, vales e montes de Gal (c.27). Énchese o espazo sonoro segundo avanza o día, ata unha explosión de cor e timbre que simboliza o espertar nas Rías Baixas. O leit-motif empregado neste movemento é o célebre motivo da "Alborada Galega" de Pascual Veiga e, por técnica de difuminación harmónica, logramos un novo enfoque máis duro do motivo da famosa alborada, ideal para esta obra e do que aquí se describe. Ante este misterioso espertar, capta a nosa atención un petroleiro chamado *Prestige*, que se aproxima ás costas galegas a toda marcha, cun gran temporal sobre a súa cabeza...(c.40)

II. *Prestige*, o afundimento: O avance do *Prestige* pola Costa da Morte e o son da sala de máquinas queda reflectido na sección de percusión, que ten un momento de gran virtuosismo (c.59). Os diversos sons metálicos son empregados neste movemento para simbolizar o

metal do petroleiro e o choque das ondas do mar contra o casco do *Prestige* (c.83). O movemento constrúese con diversos focos de tensión intercalados cun “Flashback ” que nos despraza ao espertar nas Rías Baixas e á Gal durmida (c.127), que non sabe a catástrofe que lle vén enriba... Todo o movemento camiña cara “o afundimento” onde un ritmo contumaz envolve o virtuosismo das madeiras coa grandeza e potencia dos metais (c.182). Finalmente o impresionante petroleiro afúndese preto da Costa da Morte, facendo honra ao seu nome, nun máis impresionante momento de explosión final, cando o mar fai desaparecer os restos do petroleiro *Prestige* (c.217).

III. Marea Negra: O inevitable faise ver cando unha primeira mancha de fuel chega a Fisterra. A primeira parte deste movemento é un minuto de silencio. Un minuto de tensión, que simboliza o inevitable final, unha Marea Negra (c.223). As gaivotas quedan atrapadas no fuel nun intento de alimentarse, os peixes que non conseguen marchar morren, os mariñeiros e a xente do mar sofren as consecuencias, os fondos mariños tardarán en volver a recuperarse cando todo termine. Catástrofe ecolóxica, dúas palabras coas que o goberno soluciona o non ter remolcado o petroleiro cando tiveron tempo. A modo de metáfora, podemos escoitar o leitmotif introdutorio da *Negra Sombra* de Rosalía de Castro con música de Juan Montes (c.247). O son da gaita e a miña voz, xunto coa do resto do pobo galego que grita e arde en rebeldía contra tanta miseria. Grita Nunca Máis !!, pero a verdade inevitable era que nunca tería que haber unha primeira... (c.280)

IV. Marea Branca: Este movemento final é unha homenaxe a todas aquelas persoas (galegos e non galegos), que se dedicaron a sandar as nosas rías e costas. Este

movemento está dedicado a todos membros desa Marea Branca, que mesmo chegaron a facer grandes viaxes para poder limpar un anaco de praia, da costa... Despois de todo, persoas que nun principio marcharon para Gal co propósito de axudar, quedaron a vivir entre nós. Grazas a todos e NUNCA MÁIS !!. (c.297)







Organizan



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO

Dirección Xeral de Promoción
e Difusión da Cultura



XACOBEO 2010
Galicia

Federación
Galega de

Bandas de Música

Populares



Colaboran



Concello da Coruña
Concellaría de Cultura



Concello de Valga



Musical Pontevedra

Musical Coruña

Musical Vigo